



Nº Expediente: 2017/C003/000002

Asunto: Contratación de ACONDICIONAMENTO ENTORNO INSTALACIÓNS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

MESA DE CONTRATACIÓN (1)

ACTA DE APERTURA DOS SOBRES “A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA”, E SI PROCEDE, APERTURA DOS SOBRES “B: REFERENCIAS TÉCNICAS” PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO DO SEGUINTE CONTRATO :

Obra: ACONDICIONAMENTO ENTORNO INSTALACIÓNS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Importe de licitación: 35.876,89 IVE incluído (Prezo sen IVE 29.650,32 €)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don José Camilo Casal García, concelleiro

Don Agustín Martínez Docanto, arquitecto técnico municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

Asiste D. Agustín Martínez Docanto, en substitución de D. Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal, en ausencia deste.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:00 horas do martes 25 de abril de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á apertura dos sobres A: Documentación administrativa, e si procede, apertura dos sobres B: Referencias técnicas, no procedemento para adxudicar a obra anteriormente citada.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse para tomar parte na licitación da “ACONDICIONAMENTO ENTORNO INSTALACIÓNS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS”, as seguintes empresas:

EMPRESA	DATA PRESENTACIÓN OFERTA (e, no seu caso, do envío de fax)	Nº REXISTRO (sobres e/ou fax)	SOBRES (ou envío de fax)
ALVARÉ Y LLAGO, S.L.	19/04/17	2055	Sobres A, B e C
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	20/04/17	2083	Sobres A, B e C
GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	20/04/17	2085	Sobres A, B e C



A continuación, A Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres **A**, que fan referencia á "Documentación administrativa ", resultando o seguinte:

- A documentación presentada é correcta.

A continuación o Sr. Presidente ordena a apertura dos sobres "**B**" (Referencias técnicas) das empresas participantes na licitación, resultando que:

A documentación presentada pola empresa GUERREIRO SOMOZAS, S.L. está incompleta: non presenta a documentación técnica (sobre B) en formato dixital con firma electrónica, tal como se establece no Prego de cláusulas administrativas (cláusula 12.2).

Por isto a Mesa acorda:

1.- Requerir á empresa GUERREIRO SOMOZAS, S.L. para que no prazo máximo de **3 días hábiles** presente a documentación técnica en formato dixital, en PDF ou outro formato de libre lectura, con firma electrónica, tal como se establece no Prego de cláusulas administrativas (cláusula 12.2).

A Mesa acorda:

2.- Solicitar un informe técnico de valoración das referencias técnicas contidas nos sobres "B", unha vez que se reciba a documentación que se requirirá á empresa citada no parágrafo anterior.

3.- Reunirse de novo para comprobar a valoración técnica e continuar coa apertura dos sobres "C".

4.- Publicar a presente acta na páxina web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 13:15 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.